Palas de Rei I, 1, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller)

I,1,386. 63) Unha noite no muiño... (2)

390. 64) O río cando vai cheo
leva carballos e follas
/: tamén podía levar-e
i-as lenguas marmularas. :/

394. 65) /Marmular/ marmuladores
marmulas sempre de min-he,
eu nunca fun marmulado
mais ca de xente ruín-he.
IV 1563 c

396. 66) E ti que o tés
non o queres dar
desque vaias vella
/: i-has de que o salar :/ 3x
e ti télo télo
non o queres dar,
desque vaias vella
has ~~de~~ teque o ghardar.
(11)

399. 67) ~~O~~ Chiculat~~o~~e estaba malo
Xacarillas foi o ver,
/: Sustancia fíxoll´un güevo, ai, ai,
e non o puido comer(e) :/
(12) IV 981

404. 68) Acabous´o chiculate,
partíu a chiculateira,
acabarons´os viaxes ai, ai,
de Sanfiz cara a ~~Fulgheira~~. Felgheira
(12) IV 541

407. 69) Ben te vin, ben te mirei-e,
bete teño reparado,
/: o sol da porta non quenta~~ba~~,
vai cantar~~á~~ ~~pra~~ outro lado. :/ ~~(vai cantará)~~
(2)

410. 70) As moziñas de Moredo,
todas xuntas nun montón,
a millor-e delas todas ai, ai
non che vale un patacón-he.
(12) IV 889 IV 443

414. 71) O zorro a mala zorra
iban xuntos a remaría,
o zorro marchou por´un lado
i a zorra cando quixo mirar-e
xa non o vía.
i-pr.

Palas de Rei I, 1, Moredo, José 65 anos, Julia 48(muller

I,1,417. 72) Na ~~adediña~~ aldeiña d´Hospitalé
inda non entra calquera,
o zorro do tío Soureiro
a más Primo de Rivera.
(13) I 66 IV 646